

CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
106/2024	A Xunta de Goberno Local	24/06/2024

EN CALIDADE DE SECRETARIO/A DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

7.) APROBACIÓN DO PLAN MEDIDAS ANTIFRAUDE ELABORADO POLA EMPRESA INGADE CONNECT S.L. ,NECESARIO NO CASO DE RECIBIR FONDOS DENTRO DO PROGRAMA NEXT GENERATION UE, PLAN RECUPERACION, TRANSFORMACION E RESILIENCIA.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
-----------	---

RESOLUCIÓN

Neste punto da orde do día a Sra. Alcaldesa explica ós membros da Xunta de goberno que a raíz da aprobación do PROGRAMA NEXT GENERATION UE, aprobouse o Real Decreto Lei 36/2020, de 30 de Decembro, polo que se aproban as medidas urxentes para a modernación da Administración Pública e para a execución do PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, para lograr obxectivos sociais na UE.

Segue decindo a Alcaldesa que o Concello de Oimbra ten que ter un Plan de Medidas antifraude, no caso de estar incluído neste Plan, ca finalidade de dar cumprimento o establecido en:

-Artigo 22 do Regulamento da Unión Europea 2021/241, do 12 de Febreiro, polo que se establece o MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA.

-Apartado 1 do artigo 6 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de Setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA.

A Sra. Alcaldesa manifesta que se encargou a redacción deste Plan de Medidas Antifraude á empresa INGADE CONNECT S.L., sita no Parque Tecnolóxico de Galicia, Edificio Tecnopole, en San Cibrao das Viñas, que tamén é a empresa encargada da protección de datos no Concello de Oimbra, e que xa se confeccionou, obrante íntegramente no expediente tramitado, e que agora a Xunta



de goberno debe darlle a súa aprobación, para poder seguir cos trámites necesarios para a súa efectiva implantación, difusión e seguimento.

Unha vez enterados dos anteriores extremos, pola unanimidade dos membros da Xunta de goberno, ACORDAN:

- 1.) Aprobar o PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE elaborado pola empresa INGADE CONNECT S.L, de data 15-05-2024, tal e como consta no expediente.
- 2.) Facultar á Sra. Alcaldesa para que adopte as medidas que sexan necesarias para a correcta implantación, difusión e seguimento do Plan de Medidas aprobado.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

